

Reunión Extraordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

Data:

12-06-19

Orde do día:

1. Revisión das guías docentes para o curso 2019-2020
2. Quenda aberta

Asistentes:

J. González, A. Mosquera, F. Omil, M.S. Freire, J.M. Garrido,
R.A. Guerra
R. Moreira

**Excusan a súa
asistencia:**

M.A. Fernández, E. Rodil,

O día 12 de xuño ás 9:30 h na Sala X3.2 da ETSE, reúnese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

1. Revisión das guías docentes para o curso 2019-2020

A continuación indícanse os cambios que teñen que efectuarse nas guías docentes dalgunhas materias do grao en Enxeñaría Química para poder ser aprobadas.

Materia	Modificación
Análise de Procesos Químicos	Incluír a realización dunha visita técnica.
Transferencia de Materia	Incluír a visita no apartado de metodoloxía da ensinanza e eliminala do apartado de Observacións. Non mencionar que a visita será a Bioetanol, pois na guía docente non se indican as empresas que se van visitar.
Fundamentos de Procesos Químicos	Incluír a visita á planta piloto tamén no apartado de metodoloxía da ensinanza.

Electrotécnia	<p>Incluír as competencias da materia dentro do apartado Metodoloxía da Ensinanza e a relación entre a metodoloxía e as competencias que permite adquirir.</p> <p>Modificar o parágrafo de seguridade na sección de Observacións segundo o texto:</p> <p>A admisión e permanencia do alumnado matriculado no laboratorio de prácticas require que coñezan a información e cumpran as normas incluídas no Protocolo de formación básica en materia de seguridade para espazos experimentais da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, dispoñible na páxina web http://www.usc.es/etse/taxonomy/term/10761</p>
Sistemas de produción industrial	<p>Revisar as porcentaxes na distribución da calificación entre os apartados avaliados na sección Avaliación.</p> <p>Asemella que a suma é superior a 100%.</p> <p>Indicar na metodoloxía que se empregará a folla de cálculo excel.</p>
Seguridade e Prevención de Riscos	<p>Revisar as porcentaxes na distribución da calificación entre os apartados avaliados na sección Avaliación.</p> <p>Asemella que a suma é inferior a 100% no bloque de enxeñaría e xestión da seguridade.</p>
Laboratorio de Transporte de Flúidos e Transmisión de Calor	<p>Modificar o parágrafo de seguridade na sección de Observacións segundo o texto:</p> <p>A admisión e permanencia do alumnado matriculado no laboratorio de prácticas require que coñezan a información e cumpran as normas incluídas no Protocolo de formación básica en materia de seguridade para espazos experimentais da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, dispoñible na páxina web http://www.usc.es/etse/taxonomy/term/10761</p>

Laboratorio de Enxeñaría Ambiental	<p>Modificar o parágrafo de seguridade na sección de Observacións segundo o texto:</p> <p>A admisión e permanencia do alumnado matriculado no laboratorio de prácticas require que coñezan a información e cumplan as normas incluídas no Protocolo de formación básica en materia de seguridade para espazos experimentais da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, dispoñible na páxina web http://www.usc.es/etse/taxonomy/term/10761</p>
------------------------------------	--

Guías revisadas a continuación pola coordinadora por non ter sido obxecto de modificación polo profesor:

Transporte de Fluídos	Non mencionar que a visita será á ETAP de Santiago, pois na guía docente non se indican as empresas que se van visitar.
Control de procesos	Non mencionar que a visita será á (Central Térmica de As Pontes) e plantas piloto (Aula de produtos lácteos), pois na guía docente non se indican as empresas que se van visitar.

De modo xeral vaise enviar un correo electrónico indicando os seguintes puntos:

Recoméndase a todos os profesores do grao que se aseguren de empregar o formato que se indica no documento de normas do curso de competencias informacionais da BETSE. Por coherencia se isto é o que lle pedimos aos alumnos na elaboración dos seus documentos e en especial para o TFG, nos como profesores teríamos que dar exemplo e empregalo tamén nos nosos materiais.

Detectado un erro no enlace que se mandou en referencia aos documentos sobre protocolo de formación básica en materia de seguridade nos laboratorios de prácticas é preciso engadir un 1 ao final do mesmo. Por tanto o novo texto co enlace incluído quedaría como:

: @etse_usc @EnxQuim_USC


A admisión e permanencia do alumnado matriculado no laboratorio de prácticas require que coñezan a información e cumpran as normas incluídas no **Protocolo de formación básica en materia de seguridade para espazos experimentais** da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, dispoñible na páxina web <http://www.usc.es/etse/taxonomy/term/10761>

Non esquezas realizar o cambio nas guías nos tres idiomas: galego, castelán e inglés.

2. Quenda aberta

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 11:10 h.

En Santiago de Compostela, a 12 de xuño de 2019



Asdo.: Anuska Mosquera Corral

Coordinadora do Grao

